

2007

Ano Xubilar de
San Rosendo

DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

XI CENTENARIO DO NACEMENTO DE SAN ROSENDO (907-2007)



***A DIOCESE: FOGAR DE
COMUÑÓN E MISIÓN***

MONDOÑEDO - FERROL - 2006

1. A Igrexa diocesana, fogar de comunión e misión

O noso gran desafío é facer da Igrexa fogar e escola de comunión.

Pero tendo en conta que a comunión eclesial non descansa en afinidades ideolóxicas ou sentimentais. Nin se confunde cun grupo de 'amigos' ou de camaradas. Tampouco é mera organización de estruturas de participación.

A nosa vida comunitaria non se constrúe a partir do ideal de comunidade froito dos nosos sonos individualistas; é Deus quen constrúe a comunidade. Por iso vivir en comunión, dentro dun mundo de pecado, é unha graza que hai que recibir humildemente e un don cara ao que hai que ter as mans abertas e á espera.

A comunión eclesial afunde as súas raíces na comunión trinitaria e acha nela o seu berce e a súa patria. "O Noso Deus no seu misterio máis íntimo, non é soidade, senón familia...", e a esencia da familia que é o amor", afirmou o Papa Xoán Paulo II. Deus é comunión de persoas, compañía amable e amante. Deus é comunidade, vida compartida, entrega e doazón mutua, comunión gozosa de vida. Deus é á vez o que ama, o amado e o amor...

Vivir o misterio trinitario é vivir en amor comunicado e entregado, é vivir a comunión. É vivir sen reservarse nada, sen encerrarse en nada, sen se illar de ninguén. Non vivir para si, senón poñelo todo en común, estar abertos a todos e a todo. É vivir eternamente para os demais.

"A comunidade é como un gran mosaico, escribe H. Nouwmen. Cada pequena peza aparece insignificante. Unha peza é dun vermello brillante, outra dun azul pálido ou dun verde apagado, outra dun morado cálido, outra dun amarelo forte, outra dun dourado brillante. Algunhas parecen preciosas, outras ordinarias: algunhas valiosas, outras vulgares; algunhas rechamantes, outras delicadas. Como pedras individuais podemos facer pouco con elas, só as comparar entre si e emitir un xuízo sobre o seu valor e beleza.

Imaxe: Os Evanxelistas

Pero cando todas estas pequenas pezas son reunidas harmónica e sabiamente nun gran mosaico, compoñendo con elas a figura de Cristo, ¿quen se preguntará nunca a importancia de cada unha delas? Se unha delas, ata a máis pequena, falta, a cara está incompleta. Xuntas nun mosaico cada pedra pequena é indispensable e contribúe dunha forma única, indispensable á gloria de Deus. Iso é a comunidade. A asociación de persoas sen importancia que xuntas fan a Deus visible no mundo”.

A misión para os cristiáns é algo máis que propaganda ou publicidade, en definitiva pura técnica de persuasión. “A misión non é unha actividade exterior que se engadise a un cristianismo estático un pouco como un accidente; senón o feito de ser cristián por si mesmo, como tal, é movemento máis alá de si, porta a marca misioneira e debe necesariamente en todo tempo e en todo cristián, realmente vivente, exteriorizarse nunha actividade que realiza a súa natureza profunda. A Igrexa perde a súa consistencia cando se preocupa máis de si mesma, de crecer como institución, que de Deus e dos homes e mulleres aos que é enviada. A misión non busca primordialmente a dilatación da Igrexa, senón o crecemento do Reino de Deus.

“A comunión e a misión –afirma Xoán Paulo II– están profundamente unidas entre si, compenétanse e implícanse mutuamente, ata tal punto que a comunión representa á vez a fonte e o froito da misión: a comunión é misioneira e a misión é para a comunión”. Porque a comunión sen misión non será máis que pura introversión que converterá á Igrexa nun gueto; e a misión sen comunión converterase en pura extraversión que rematará esterilizando e empobrecendo.

Facer memoria de San Rosendo é sentirnos estimulados a vivir a comunión eclesial que el viviu e potenciou exercendo o ministerio episcopal. Toda a súa vida é un exemplo de amor afectivo e efectivo á Igrexa, precisamente cando atravesaba, máis alá das nosas fronteiras, momentos moi duros.

Por outra parte, o Patrón da nosa diocese lánzanos á misión evanxelizadora cando o contemplamos sementando mosteiros por todo o territorio de Galicia e mesmo do reino de León. El quería levar a fe cristiá, vivida con ansias de plenitude e de santidad, a todos os recantos da Galicia do seu tempo.

+Manuel Sánchez Monge,
Bispo de Mondoñedo-Ferrol